



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de decembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 29 de novembro de dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Empresa MAPFRE con data RE 21 de novembro de 2011 N° RE 5531, relativa a presentación de reclamación de indemnización en base a comunicación recibida polo Ministerio de Fomento en relacion co sinistro producido na estrads S/C-OU Km 0.6.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda remitirse o informe técnico de data 4 de xullo de 2011 no que se establecía a non titularidade municipal da vía na que se produciu o sinistro e posto que na certificación emitida polo Ministerio de Fomento se di simplemente “*que a estrada non é titularidade do Ministerio de Fomento*”, sen motivar porque no seu caso a mesma pertence o Concello de Ribadavia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2. Comunicación de Don Juan Carlos Garnica Rubio en representación da mercantil GERFLOR SAS de data 7 de decembro de 2011 N° RE 5754, relativo a realización de pagos a entidade ELITESPORT, S.A.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes adopta os seguintes acordos:

1. Dar traslado do escrito recibido a entidade ELITESPORT, S.A. aos efectos de que efectue as alegacións que estime pertinentes de conformidade co Art. 84 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.
2. Dar traslado do escrito recibido ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia xa que actualmente se están realizando pagos a entidade ELITESPORT, S.A. como consecuencia do cumprimento de sentenza dictada no procedemento ordinario 4931/2002.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

Visto o escrito presentado por **SERVITERRA ENXEÑERÍA, S.L.**, con domicilio na Baixada ao Consello n° 27, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Baixada ao Consello n° 27, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 30.11.2011 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2°, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- Solicitude de información urbanística interesada por **DON JOSÉ GARCÍA RODRÍGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Mesego n° 13, en O Carballiño, con número de rexistro de entrada 4693. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 05.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre os lugares sitios en Francelos, (Ref. Catastral 9410406NG6891S0001US e 9913915NG7801S0001PA), a solicitude de **DON JOSÉ GARCÍA RODRÍGUEZ**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2.- Solicitud de información urbanística interesada por **DON JUAN FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Irmáns Álvarez Araujo nº 5, en Cortegada, con número de rexistro de entrada 4724. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 05.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Estrada a Filgueira nº 12, en Francelos, (Ref. Catastral 0015670NG7801N0001BE), a solicitude de **DON JUAN FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

3.- Solicitud de información urbanística interesada por **DON CARLOS ALBERTO BLANCO LÓPEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Ribeiro nº 69, 5º B, en Ribadavia, con número de rexistro de entrada 5251. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 07.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa do Xestal nº 39, en Ribadavia, (Ref. Catastral 1031507NG7813S0001ME), a solicitude de **DON CARLOS ALBERTO BLANCO LÓPEZ**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- Solicitud de información urbanística interesada por **DON JOSÉ LAGO GÓMEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Nacional Vella nº 32, en San Paio, con número de rexistro de entrada 4713. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 09.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito no lugar San Paio, en Ribadavia, (Ref. Catastral 2337123NG7823N0001QX), a solicitude de **DON JOSÉ LAGO GÓMEZ**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

5.- Solicitud de información urbanística interesada por **DON TOMÁS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ en representación de TOMÁS FERNÁNDEZ VIGO, S.L.**, con domicilio a efectos de notificación na Av. Ricardo Mella nº 127, en Vigo, con número de rexistro de entrada 5725. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 07.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Muñoz Calero nº 36-38 (antigo 104), en Ribadavia, (Ref. Catastral 12348/16 e 12348/17- parcela 1), a



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

solicitud de **DON TOMÁS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ en representación de TOMÁS FERNÁNDEZ VIGO, S.L.**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

6.- Solicitud de información urbanística interesada por **DON TOMÁS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ en representación de TOMÁS FERNÁNDEZ VIGO, S.L.**, con domicilio a efectos de notificación na Av. Ricardo Mella nº 127, en Vigo, con número de rexistro de entrada 5724. A proposta da Concelleira de Ubanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 07.12.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Veronza nº 25 (antigo 104), en Ribadavia, (Ref. Catastral 12348/16 e 12348/17- parcela 2), a solicitud de **DON TOMÁS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ en representación de TOMÁS FERNÁNDEZ VIGO, S.L.**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería do Medio Rural Departamento Territorial con data RE 29 de novembro de 2011 N° RE 5647, relativo comunicación da finalización da obra “Construcción de muro no camiño da Airoá en Esposende (Ribadavia-Ourense”); X-11.093.
2. Comunicación do Concello de Leiro con data RE 7 de decembro de 2011 N° RE 5750, relativo a certificación do acordo adoptado polo Concello de Ribadavia con relación a mocion sobre a limpeza do caudal dos ríos Avia e Maquians.
3. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 7 de decembro de 2011 N° RE 5749, relativo a que a Deputación encargárase dos trámites de contratación e almacenamento, dos fundentes, da aplicación deles e/ou da retirada da neve.
4. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 7 de decembro de 2011 N° RE 5748, relativo a aprobación de convenio marco para a concesión de subvencións da Deputación Provincial de Ourense a Concellos e Mancomunidades para a contratación de Choferes de máquinas rozadoras durante o ano 2012.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda facultar ao Sr. Alcalde para sinatura do citado convenio.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5. Comunicación da Consellería de Economía e Industria con data Re 7 de decembro de 2011 N° Re 5747, relativo a resolución de desestimación do expediente.
6. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, Ourense, procedimientu abreviado nº 366/2011 con data RE 2 de decembro de 2011 N° RE 5634, relativo a remisión de expediente administrativo.
Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade dos seus asistentes os seguintes acordos:
 1. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete e a Procuradora Doña Begoña Pérez Vázquez.
 2. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.
7. Comunicación do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1, Ourense, procedimientu abreviado nº 402/2011 con data RE 2 de decembro de 2011 N° RE 5710, relativo a remisión de expediente administrativo.
Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade dos seus asistentes os seguintes acordos:
 1. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete e a Procuradora Doña Begoña Pérez Vázquez.
 2. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

REVOCACIÓN DE ACORDO.-

Dase conta polo Secretario do erro detectado polos servizos técnicos municipais en relación cos acordos de Xunta de Goberno Local de datas 28 de marzo e 2 de maio de 2011, mediante os que se otorgaba a autorización de acometidas de auga a Don Fidel Regueiro Cacheiro, sen constatar previamente pola empresa Aqualia a comprobación da existencia das correspondentes licenzas urbanísticas para as edificacións as que a acometida de auga serviría de complemento.

Neste senso na Xunta de Goberno Local de data 28 de marzo de 2011 autorizouse ao citado para realizar acometida de auga nunha parcela na que ninsiquera existía edificación algunha, e sen que conste tampouco a tramitación ou o outorgamento de licenza municipal. Asimesmo na Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2011 autorizouse ao citado para realizar acometida de auga nun terreo rústico sen constatar previamente a existencia de licenza municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda ter en conta o criterio manifestado por min, como Secretario, noutras ocasións nas que xa se advertín da necesidade de comprobar vía



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Concello ou vía empresa Aqualia a existencia de licenzas urbanísticas preexistentes a autorizar as acometidas de auga, evitando así entrar en contradicións coa previsión do Art. 194.3. da LOUGA e asimesmo modificar o acordo polo que se autorizan as acometidas de auga no caso de que non se teñan pagados previamente os dereitos de acometida, no senso que onde dí:

“o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

Debe dicir:

“o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito o dereito de acometida ficará nulo e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). A obtención da autorización da acometida de auga non implicará outorgamento de licenza urbanística, a cal debera solicitarse polo particular antes do inicio da realización das obras para a acometida. Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, detectado erro no outorgamento de autorización nas autorizacións de acometida de auga comunicadas a Don Fidel Regueiro Cacheiro mediante acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de marzo e 2 de maio de 2011, consistentes en:

- Autorizar a acometida de auga nunha parcela na que ninsiquera existía edificación algunha, e sen que conste tampouco a tramitación ou o outorgamento de licenza municipal.
- Autorizar a acometida de auga nun terreo rústico sen constatar previamente a existencia de licenza municipal.

Acorda proceder a revocación das autorizacións citadas sen perxuízo de que si o solicitante acredita a previa obtención das oportunas licenzas municipais se lle podan autorizar as citadas acometidas de auga.

NOMEAMENTO DE AVOGADO E PROCURADOR.-

Vista a interposición de Recurso Contencioso-Administrativo no procedemento abreviado nº 343/2011 interposto por particular contra o Concello de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete e a Procuradora Doña Begoña Pérez Vázquez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Irmandade Deportiva Os Sarmiento, para utilización das Instalacións Deportivas Municipais.
2. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia a ANPA Villa de Ribadavia e o Clube F.C. Ribeiro, para desenvolver a actividade de fútbol-sala dirixida os alumnos do CEIP Tomás de Lemos.
3. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia a ANPA Villa de Ribadavia e o Clube Irmandade Deportiva Os Sarmiento, para desenvolver a actividade de baloncesto dirixida os alumnos do CEIP Tomás de Lemos.
4. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia a ANPA Villa de Ribadavia e a Federación Galega de Balonman, para desenvolver a actividade de balonman dirixida os alumnos do CEIP Tomás de Lemos.

A Xunta de Goberno Local acorda toma conocimiento facultando ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.